

# Federación Galega de Vela

## CURSO ADESTRADOR/A DEPORTIVO/A EN VELA NIVEL III

### BLOQUE COMUN Adestrador/a Deportivo/a no Nivel III

#### BLOQUES ESPECIFICOS ESPECIALIDADES:

**Curso 02: Especialidades de Vela Lixeira, Cruceiro e Táboa a Vela**

**Curso 03: Especialidades de Vela Lixeira y Cruceiro**

**Curso 04: Especialidade de Vela Lixeira**

**Curso 05: Especialidade de Cruceiro**

**Curso 06: Especialidade de Táboa Deslizamento a Vela**

### 1. CONVOCATORIA

A Federación Galega de Vela convoca **Cursos de Adestrador/a Deportivo/a en Vela** no seu **Terceiro Nivel en diversas especialidades**, que agruparanse en tres cursos diferentes. Os alumnos inscribíanse naqueles cursos dos cales teñan rematado o nivel anterior, o Nivel 2 ou equivalente, coa ou coas especialidades indicadas de cada curso. O curso adaptase a lexislación deportiva vixente e da propia da especialidade:

- **ORDEN ECD/3310/2002, de 16 de decembro**, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos da formación en materia deportiva, ós que se refire a disposición transitoria primeira do R.D. 1913/1997, de 19 de decembro.
- **R.D. 1363/2007, de 24 de outubro**, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.
- **Resolución do 10 de xuño do 2009**, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se establecen as condicións de incorporación ás formacións previstas na *Orden ECD/3310/2002, do 16 de decembro*, acreditando determinadas formacións de vela, de carácter meramente federativo.
- **Orden EDU/3186/2010, de 7 de decembro**, pola que regúlanse os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva, aos que refírese a disposición transitoria primeira do Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro.
- **Regulamento de formación de Instrutores da RFEV 2012**

### 2. ESTRUCTURA

O curso de Adestrador/a Deportivo/a en Vela no Nivel III constará das seguintes fases:

#### **FASE 0: BLOQUE COMÚN**

- a) É a parte de formación común a todos os deportes
- b) Consta dun total de 100 horas.

#### **FASE 1: BLOQUE ESPECÍFICO**

- a) É a parte de formación deportiva específica da vela
- b) Costa dun total de 300 horas por modalidade.
- c) Para que se realice máis dunha especialidade deberán ser un mínimo de 5 inscritos por especialidade e cumprir co descrito no punto 6.2 da presente convocatoria.

## FASE 2: PERÍODO DE PRÁCTICAS

a) Consta de 200 horas por modalidade, que se realizarán una vez superado a totalidade do bloque específico para cada unha das especialidades realizadas.

**As datas do curso reflíctense no punto 4.**

## 3. OBXECTIVOS e COMPETENCIAS

Esta titulación capacita ao adestrador para:

- Planificar e dirixir o adestramento de regatistas de alto nivel
- Programar e dirixir a formación doutros adestradores
- Xestionar as escolas de tecnificación deportiva
- Promover e participar na organización e desenvolvemento das regatas
- Supervisar os períodos de prácticas do Nivel I, II e III

## 4. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

O presente curso se realizará no Centro Galego de Vela (CGV):

- **Data tope de matriculación.....23 de agosto** de 2014
- **Publicación provisoria admitidos....28 de agosto** de 2014 na sede da Federación Galega de Vela e na páxina web da FGV. Publicarase os admitidos e as validacións tanto do bloque común como específico

### BLOQUE COMÚN Y ESPECÍFICO

- **Presentación .....28 de agosto** de 2014  
**A presentación farase as 19:30 horas, sendo obrigatoria a súa asistencia.**

### Opción A

- Bloque común.....**Viernes tarde, sábado y domingo** do 26 de setembro ao 17 de outubro
- Bloque específico.....**Viernes tarde, sábado y domingo** do 24 de outubro ao 28 de decembro

**Os horarios das sesións serán de 9:30 a 14:30 horas e de 16:00 a 21:00 horas.**

### Opción B

- Bloque común.....**De Luns a Venres** do 1 de outubro ao 17 de outubro
- Bloque específico.....**De luns a Venres** do 19 de outubro ao 28 de novembro

**Os horarios das sesións serán de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas.**

### • **Avaliación** (convocatoria ordinaria)

- **Bloque común: 25 de outubro** de 2014
- **Bloque específico: 10 de xaneiro** de 2015 na Opción A e **13 de decembro** de 2014 na Opción B

**Os exames comezarán as 09:30 e terán unha duración máxima de 1 hora para no Bloque Común e de 2 horas na Bloque Específico**

• **Avaliación extraordinaria** .....A determinar despois da elaboración das actas da convocatoria ordinaria e non máis tarde de tres meses desde a data da convocatoria ordinaria.

### BLOQUE PRÁCTICO

• Desenvolveranse nun período máximo de 12 meses a partir da superación do bloque específico para cada unha das especialidades.

O horario do bloque común facilitarase na presentación do curso e do bloque específico o rematar o bloque común.

## 5. PREZO DO CURSO

5.1. Os prezos do curso preséntanse no seguinte cadro, tendo que sumar o prezo do bloque común e do bloque específico:

<b>Bloque Común</b>		
Sen validacións	TAFAD (1)	
300 €	150 €	
<b>Bloque Específico 1 Especialidade</b>		
Sen validacións	Validando	
900 €	800,00 €	
<b>Bloque Específico 2 Especialidades</b>		
Sen validacións	Validando 1	Validando 2
900 €	800 €	700 €
<b>Bloque 3 Especialidades</b>		
Sen validacións	Validando 1	Validando 2
1000 €	900 €	800 €

(1) TAFAD: "Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas ou Deportivas" ou calquer outro título homologable con el

5.2. O pago das taxas do curso reflectirase no momento da inscrición e deberá realizarse antes do día 30 de Agosto de 2014. Será necesario o envío do xustificante a FGV.

**En caso de non facer o pago nas datas sinaladas a calificación na convocatoria ordinaria será de Non Apto.**

5.3. A non presentación dos resgado do pagamento antes do día seguinte de finalización de cada unha das modalidades, será motivo de perda da avaliación continua.

5.4. O prezo de cada un dos bloques inclúe unha guía didáctica de apoio do mesmo.

5.5. Poderán aloxarse no CGV aquelas persoas que o fagan constar no boletín de inscrición e sexan maiores de idade. O custe será de 10 € por semana ou fin de semana no caso de utilizar a roupa de cama facilitada pola FGV e pagárase no CGV.

5.6. Os gastos de manutención correrán a cargo dos participantes.

5.7. A tramitación da titulación inclúese no prezo do curso, sempre se que faga dentro das datas da presente convocatoria, senón terá un custe de 30 €.

## 6. INSCRICIÓN

### 6.1. REQUISITOS XERAIS DE INSCRICIÓN E OBRIGATORIOS

Os requisitos deste punto deberán posuírse o día de rematar a inscrición.

#### **Comúns**

- Estar en posesión ou reunir as condicións para a expedición dalgún dos seguintes títulos:  
**Título de Bachiller** ou equivalente ou ter superada a "proba de madurez"
- **Licenza Federativa** de técnico **en vigor** e mantela durante a duración do curso.
- En caso de ser menor de idade, autorización paterna ou do titor legal para realizar o curso.

#### **Específicas de cada un dos bloques**

• Bloque común:

- Cursos feitos no periodo transitorio será necesario acreditar que se ten o bloque común do nivel II superado (coa mesma lexislación vixente).

- Formacións feitas entre 15/07/1999 e o 30/12/2002, será necesario a existencia da resolución de autorización a incorporación no período transitorio feita polo Consejo Superior de Deportes e que non teña Plan Formativo ou Real Decreto Propio a especialidade e que os cursos tivesen a autorización administrativa da Escola Galega do Deporte.
- Bloque específico:
- Estar en posesión ou ter unha certificación que acredite que ten Curso de Adestrador/a Deportivo/a Nivel II en Vela na especialidade ou especialidades nas que se inscriba e que o curso se fixera coa lexislación descrita no punto 1.
- A formación realizada antes do ano 2002, faresc enviando escaneada a mesma a dirección de correo electrónico administracion@fgvela.com indicando o interese de facer este curso para que lle indiquen os pasos a seguir.

Os requisitos xerais deste punto deberán posuírse o día de rematar a inscrición.

#### **6.2. SOLICITUDES**

É obrigatorio realizar a inscrición na data sinalada no Punto 4 da presente convocatoria.

**A inscrición farase a través de vía web, indicando o número do curso e é obrigatorio entregar no día da presentación toda a documentación indicada no punto 6.4.** Non se admitirá a trámite ningunha **validación que non se indique no momento da inscrición.**

**A SOLICITUDE ONLINE ATÓPASE NA SEGUINTE DIRECCIÓN OU LINK:** <http://goo.gl/TNsh6e>

Se ten problemas co enlace, copie e pegue o link no seu navegador

#### **6.3. ENVÍO DE DOCUMENTACIÓN PARA A CONVALIDACIÓN**

No momento de realizar a inscrición, será necesario remitir o título que desexa convalidar escaneado a dirección de correo electrónico: administracion@fgvela.com. As posibles convalidacións faranse exclusivamente coas indicacións e os documentos indicados no punto 8. A lista de convalidacións provisoria farase tendo en conta a documentación remitida a esta dirección de correo electrónico e tendo en conta os prazos desta convocatoria.

#### **6.4. DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR O DÍA DA PRESENTACIÓN**

**A documentación terase que presentar nun sistema que impida a perda de algún documento (clip, grapa ou carpeta). En caso de non presentar a documentación indicada a continuación non será admitido no curso:**

1. **Boletín de inscrición debidamente cumprimentado e asinado.**
2. **Unha fotografía tamaño carne** co nome e o número do DNI no dorso e outra enviarase escaneada o correo de administracion@fgvela.com.
3. **Fotocopia da titulación de Nivel 2 ou equivalente**
4. Fotocopia da **Licenza Federativa do ano en curso como técnico.**
5. Fotocopia do **DNI ou NIF ou NIE**
6. Fotocopia dos requisitos indicados no punto 6.1.
7. En caso de ser **menor de idade**, a **certificación paterna ou materna ou do titor legal**
8. **Copia cotexada da titulación académica requirida ou certificación orixinal ou cotexada do Centro Educativo.**

9. **Certificado ou informe médico** no que faga constar que reúne as condicións físicas-psíquicas adecuadas para a práctica do deporte da vela e non se padece ningunha enfermidade que impida o desenvolvemento da actividade profesional como Adestrador Deportivo de Vela.
10. En caso de solicitar algunha validación, a documentación necesaria para a mesma, tal e como se describe no *Punto IX. Validacións*
11. Fotocopia da máxima titulación para manexo de embarcacións que posua.

**Nas inscricións nas que falte a documentación dos puntos 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 será motivo dunha calificación de No Apto na convocatoria ordinaria.**

**A listaxe da provisoria de admitidos farase coa a documentación enviada en tempo e forma segundo as bases da presente convocatoria.**

#### **6.5. PAGAMENTO DAS TAXAS**

Farase na sede da FGV ou mediante ingreso ou transferencia bancaria a nome da FGV na conta de Banco Sabadell número: **0081 -0508 -12 – 0001184319** sinalando **CADNIII 02 + NIF** do alumno + **BC ou BE + Número especialidades** según a modalidade do curso. A xustificación do pagamento das taxas farase mediante as opcións sinaladas para o envío da documentación e tendo en conta as datas indicadas no Punto 5.2.

#### **6.6. LIMITACIÓN DAS INSCRICIÓN**

Será necesario un **mínimo de 15 alumnos** no bloque específico e un máximo será de 30 alumnos. En caso de existir máis de 31 persoas inscritas ou se desglosará o curso ou existirá un tribunal para a selección dos aspirantes, constituído polo Director do Curso e o Presidente do Comité de Ensinanza da FGV, ou aquelas persoas que estes nomeen, que farán a selección seguindo as indiciacións do punto 12.

## **7. CONTIDO**

**Será necesaria a asistencia o 80% das sesións presenciais, tendo en contas as posibles compensacións/validacións, para superar ó exame na convocatoria ordinaria.**

	Horas
<b>Bloque Común</b>	100 horas
<i>A) Area de Fundamentos biolóxicos</i>	<i>35 h</i>
<i>B) Area de Comportamento e aprendizaxe</i>	<i>20 h.</i>
<i>C) Area de Teoría e práctica do adestramento deportivo</i>	<i>25 h</i>
<i>D) Area de Organización e lexislación do deporte</i>	<i>20 h.</i>
<b>Bloque Específico por especialidade</b>	300 horas
<i>A) Area de Formación Técnica, Táctica e Regulamentos</i>	<i>120 h.</i>
<i>B) Area de Didáctica Aplicada</i>	<i>80 h.</i>
<i>C) Area de Adestramento</i>	<i>80 h.</i>
<i>D) Area de Desenrolo Profesional</i>	<i>20 h.</i>
<b>Bloque de Formación Práctica por especialidade</b>	200 h.
<b>Total</b>	600 horas

## 8. VALIDACIÓNS

8.1. Terase que indicar no momento de realizar a inscrición a solicitude de convalidación e remitir por correo electrónico a mesma para que conste.

### BLOQUE COMÚN

8.2. As validacións faranse atendendo a seguinte táboa:

	Licenciado (1)	Diplomado (2)	TAFAD (3)	TCAFMN (4)
A) Área de Fundamentos Biolóxicos	Convalida			
B) Área do Comportamento e do Aprendizaxe	Convalida		Convalida	
C) Área de Teoría e Práctica do Adestramento Deportivo	Convalida			
D) Área de Organización e Lexislación do Deporte	Convalida			

(1) Licenciado: "Licenciado en Educación Física" ou calquer outro título homologable.

(2) Diplomado: "Mestre especialista en Educación Física" ou calquer outro título homologable con el

(3) TAFAD: "Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas ou Deportivas" ou calquer outro título homologable con el

(4) TCAFMN: "Técnico en Condución de Actividades Físicas no medio natural" calquer outro título homologable con el

### BLOQUE ESPECÍFICO

8.3. Atendendo á Disposición adicional quinta da Orde ECD/3186/2010 do 7 de decembro, terán a consideración de "superadas por compensación" ás materias das áreas de Formación técnica, táctica e de regulamentos aos/ás cando cumbran os requisitos de Deportista de Alto Nivel o Alto Rendemento establecida polo RD 971/2007, do 13 de xullo. (Disposición adicional quinta. Compensación de áreas por méritos y experiencia deportiva) e farase empregando os criterios do Regulamento de formación de Instructores da RFEV, no seu Anexo IV para cada modalidade.

8.4. Para poder validar algunha materia das especialidades ou probas será necesario achegar:

- Certificación do organismo competente no que expresamente conste a cualificación de "Deportista de Alto Nivel" ou "Deportista Alto Rendemento" na modalidade de Vela.
- Certificado do organismo competente no que conste a clasificación obtida e as datas da regata.
- Certificación da Federación correspondente (Nacional ou Autónoma) na que conste os postos e logros obtidos como deportista.

### COMÚN AMBOS BLOQUES

8.5. O día de entrega da documentación será necesario entregar para confirmar a convalidación algunha da seguinte documentación:

8.5.1. Fotocopia cotexada ou orixinal da titulación indicada no momento da inscrición.

8.5.2. Fotocopia cotexada ou orixinal do título provisional da titulación indicada no momento da inscrición.

8.5.3. Fotocopia cotexada ou orixinal do resguardo do pago das taxas de solicitude da titulación.

8.5.4. Fotocopia cotexada ou orixinal do centro académico na que conste que ten feitos todos os trámites para a solicitude da titulación

**NOTA: A documentación quedará en poder da FGV e non devolverase.**

## 9. AVALIACIÓN

9.1. Para poder ser avaliado na **convocatoria ordinaria** a **asistencia** será **igual ou superior ao 80%** das sesións presenciais, en caso contrario, terán unha **nota de Non Apto**.

9.2. En caso de non entregar toda a documentación o día da presentación non se poderá realizar a convocatoria ordinaria e terase unha avaliación de Non Apto en todas as partes que a compoñen.

9.3. Os alumnos terán que contestar uns cuestionarios sobre as áreas e materias impartidas. As preguntas poderán ser tipo test, curtas e/ou de desenvolvemento.

9.4. Terase que realizar un traballo de forma global das áreas do curso e para cada modalidade, que será necesario entregar nas convocatorias existentes. Os descritores do/s traballo/s daranse o día da presentación, xunto coa guía didáctica.

9.5. De cada exame de área e materia e, do traballo obterase unha puntuación numérica, nunha escala entre 0 e os 10 puntos. Só terán consideración de Positivas ou Aptas as puntuacións iguais ou superiores aos 5 puntos e de Negativas ou Non Aptas as restantes.

9.6. A presente convocatoria da dereito a dúas convocatorias (ordinaria e extraordinaria), sempre que se cumpran co punto 9.1. e 9.2.

9.7. A data da convocatoria extraordinaria non será máis tarde de tres meses despois da data da convocatoria ordinaria.

## 10. PERÍODO DE PRÁCTICAS

10.1. So poderán comezar aqueles alumnos que superen o bloque específico (Exame e traballo).

10.2. O período de prácticas terá unha duración de 200 horas por modalidade segundo as indicacións do RD 1363/2007, no seu Artigo 11 e da Orde EDU/3186/2010, no seu artigo 9, 14 (punto 3) e 17.

10.3. As prácticas só serán válidas cando se realicen nos seguintes 12 meses a partir da publicación das notas (Punto 3 do Artigo 22 da Orde EDU/3186/2010).

10.4. Ademais dos prazos indicados no punto 10.3, son obrigatorias as seguintes cuestións:

10.4.1. Antes do inicio das prácticas enviarase un email ao correo de administración@fgvela.com coa seguinte información:

-O centro/club onde se realizarán as prácticas

-Os seguintes datos do titor proposto: Nome completo, Titulación Federativa en vigor, Número de licenza e correo electrónico persoal

-Planificación do período de prácticas por especialidade Unha vez recibido dito correo, a FGV comprobará os datos e emitirá o nomeamento do titor ou remitirá un informe indicando as anomalías detectadas, tal e como se estipula Artigo 14, punto 3 da Orden EDU/3186/2010. Non se poderá iniciar as prácticas sen recibir a autorización da Federación.

10.4.2. Ao finalizar o período, será necesario presentar unha memoria por especialidade, que terá como mínimo os seguintes apartados:

- Portada (Nome completo, curso e edición, especialidade, centro de prácticas e tutor).
- Limiar.
- Introducción.
- Centro onde se fixeron as prácticas.
- Características do centro.
- Obxectivos da Escola de Vela.
- Datos dos cursos realizados e as súas características.
- Diadio de cada unha das sesións (Día, horario, obxectivos da sesión e tarefas)
- Sistemas de control e seguimento. -Avaliación do curso: sistemas empregados e cualificadores
- Comentarios e apreciacións persoais
- Outros datos de interese técnico.
- Bibliografía.

Desta memoria farase unha avaliación e enviarase un informe cunha calificación de Apto ou Non apto. En caso de ser non apto, indicárase os puntos para rectificala.

## **11. TRAMITACIÓN DA TITULACIÓN**

11.1. A tramitación da titulación farase cando se cumpran as seguintes premisas:

11.1.1. Ter apto no bloque común e tamén no bloque específico (exame e traballo).

11.1.2. Ter apto no período de prácticas (Memoria de prácticas e Informe do titor).

11.2. Aqueles alumnos que superen o bloque común farese un certificado do mesmo.

## **12. EXPEDIENTE BAREMACIÓN**

En caso de superar o número máximo de 25 alumnos, o Tribunal fará lista na que figure a puntuación dos inscritos segundo o baremo que presentamos a continuación e, que se cubrirá na folla anexa á presente convocatoria (ver Anexo: Expediente de Baremación).

*(Apartado noveno, cuarto, onde describe os requisitos de acceso ás formacións dos niveis II e III; BOE nº 312, 30 decembro de 2002, páx. 45920)*



# CURSO ADESTRADOR/A DEPORTIVO/A NIVEL III

## Anexo: Formulario de Validacións

Nome e Apelidos:

DNI/NIF/NIE:

Segun se recolle na Apartado VIII da convocatoria presento a seguinte documentación para o seu estudio:

### Bloque Común

	Denominación	Ano Expedición
Licenciatura (1)		
Diplomatura (2)		
T.A.F.A.D. (3)		
T.C.A.F.M.N. (4)		

### Bloque Específico

	Organismo / Federación / Campionato	Ano Expedición
Deportista Alto Nivel (5)		
Deportista integrante Equipo Nacional (6)		
Deportista participante Competicións Nacionais da especialidade (7)		

#### Notas:

Xustificarse con fotocopia **cotexada** orixinal do pago das taxas de expedición da titulación ou fotocopia cotexada orixinal da titulación ou certificación orixinal do centro educativo no que fai constar a titulación

(1): "Licenciado en Educación Física" ou "Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte" ou calquera outro título que fora homologado con eles (2) "Diplomado en Educación Física" ou "Mestre especialista en Educación Física" ou calquera outro título que fora homologado con eles

(3) "Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas ou Deportivas" ou calquera outro título que fora homologado con eles

(4) "Técnico en Condución de Actividades Físicas no medio natural" calquera outro título que fora homologado con eles

(5) "Deportista de Alto Nivel": certificado do organismo competente e que cumpra co establecido no apartado sétimo, cuarto, letra a) da Orde 3310/2002 do 16 de decembro

(6) Certificación da RFEV onde indique a clase e o ano de participación na selección

(7) Certificación da Federación Autonómica onde indique a/s clase/s, a/s regata/s e o/os ano/s de participación

*No caso de facer ser varias competicións e facer un listado, adxuntalo ao presente formulario*

Para que conste a efectos oportunos, firmo o presente formulario.

Sinatura e NIF:

Data:

## CURSO ADESTRADOR/A DEPORTIVO/A NIVEL III

### Boletín de Inscripción

- Opción Horarios    A    B  
Bloque Común        Si    No  
Bloque Específico Curso CANIII 02 (VL, C e TDV)    Si    No  
Bloque Específico Curso CANIII 03 (VL e C)        Si    No  
Bloque Específico Curso CANIII 04 (VL)            Si    No  
Bloque Específico Curso CANIII 05 (C)            Si    No  
Bloque Específico Curso CANIII 06 (TDV)        Si    No

DNI:

Nome completo:

Enderezo Postal:

Localidade:

CP:

Teléfono particular:

Correo electrónico:

Teléfono urxencias:

Correo electrónico traballo:

Documentación que ten que aportar:

- Fotocopia da titulación de Nivel II da especialidade ou equivalente
- **Fotografía** tamaño **carne** en papel
- Fotocopia da **licenza federativa (Nº:            e Federación:            )**
- Fotocopia do **DNI/NIF/NIE**
- Fotocopia cotexada da titulación académica requerida
- En caso de ser menor de idade, autorización paterna, materna ou do titor legal.
- Resguardo do pago das taxas do curso
- Certificado médico ou informe
- Formulario validacións

### **NOTA IMPORTANTE**

A Federación Galega de Vela infórmalle que os datos persoais que nos cedan serán tratados de acordo co disposto na Lexislación vixente referente a datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal que nos facilite serán incorporados a un ficheiro automatizado de datos, a efectos da xestión da Federación, e co obxecto de mellorar a calidade do noso servizo e así mesmo, publicaranse na web da FGV datos referentes ao curso como relación de admitidos, avisos ou resultados de probas e tamén enviaráselle por correo electrónico información relativa ao presente curso e as actividades que faga o Comité de Formación da Federación. A FGV garante o dereito de acceder, modificar, oporse ou cancelar os datos persoais contidos nos nosos ficheiros, para o cal deberá facernos chegar súa consulta a: FGV, Peirao de Bouzas s/n, 36208 Vigo. Pola presente autorizo a FGV como organizador do curso a publicar na súa páxina web e remitir por correo electrónico os resultados obtidos nos convocatorias do presente curso.

Sinatura do interesado:

Data: